
GRAMÁTICA DA FANTASÍA

INTRODUCCIÓN Á ARTE DE CONTAR HISTORIAS

Texto de GIANNI RODARI

Ilustración de portada de PABLO OTERO

Tradución de SILVIA GASPAR

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 180 páx. 15 €.


ISBN 978-84-8464-705-8. Fóra de colección.

...No «binomio fantástico», as palabras non quedan prendidas no seu significado cotián; son liberadas das cadeas verbais das que decote forman parte, son descontextualizadas, estrañadas, lanzadas unha contra outra baixo un ceo descoñecido. Entón, atópanse nas mellores condicións para xerar unha historia...

“Inventar historias para nenos e axudalos a que as inventen eles mesmos, non para que uns e outros sexan artistas, senón para que ninguén sexa escravo”. Esta foi a intención de Gianni Rodari á hora de escribir “Grammatica della fantasia” (1973), unha obra de obrigada referencia para educadores, unha aportación sen precedentes á pedagogía contemporánea e o legado co que Rodari transmite a súa idea revolucionaria e liberadora da literatura.

A orixe do traballo está nun encontro con docentes no que Rodari participou en 1972, invitado polo Concello de Reggio Emilia (Italia). Con este manual, Rodari invita a converter a palabra en xogo, ao tempo que desvela o proceso de escribir historias para nenos e axúdalles aos cativos a inventar novos mundos. “Gramática da fantasía” ofrécelle ao lector a posibilidade de demostrar que para entrar na realidade non só serven as portas, senón tamén as fiestras: “Así é máis divertido e moito máis práctico”, afirmaba o escritor italiano.

Este título está destinado a docentes, educadores e todas aquelas persoas que cren que a imaxinación debe ocupar un destacado lugar na educación da infancia.



-
- **Temática:** manual de pedagogía.
 - **Público recomendado:** educadores e docentes.
 - **Aspectos destacables:** do autor de “Contos por teléfono”, “Confundindo historias”, “Inventando números” e “Que fai falta?” (Kalandraka); claves sobre a construción de historias; concepto de *binomio fantástico*.
-

Gianni Rodari

(Omegna, Lombardia, 1920 - Roma, 1980)

Aínda que a súa vida discorreu allea á música, a súa vocación frustrada, poucos persoeiros como Rodari lograron destacar en tantas facetas como as que desenvolveu este renovador da Literatura Infantil e Xuvenil. Político, xornalista, pedagogo e escritor, nesta última vertente logrou o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e comezou impartindo clases particulares. Pola súa vinculación ao Partido Comunista Italiano colaborou con varios xornais; dirixiu *L'Ordine Nuovo* e trala súa incorporación ao diario milanés *L'Unitá* comezou a cultivar a súa paixón pola literatura infantil. A partir de entón foise forxando o talento de quen se convertería na pedra angular deste xénero literario. Baseou na realidade obras como “O planeta das árbores”, pero o humor e o éxito chegaron con títulos como “Contos longos como un sorriso”, “As aventuras de Cipollino”, ou “O libro das retahílas”. “Contos a máquina”, “Contos por teléfono” e “Contos para xogar” son tamén algunhas das súas obras mestras: pensáronse, respectivamente, para versionar a literatura tradicional, demostrar que a brevidade tamén pode ser sinónimo de boas historias e permitir que o lector poida escoller o final do conto.